



ANEXO III
INFORMACIÓN A ENTREGAR Á CIDADANÍA NO MOMENTO DE RECOLLER O TUBO PARA
AUTO TOMA DE MOSTRA DE SALIVA

O obxectivo do presente cribado é identificar a existencia da infección por Sars-CoV-2 en persoas que non manifestan síntomas ou estes son inapreciables. No caso da enfermidade COVID-19, é importante detectar rapidamente a infección para evitar a propagación da mesma, ademais de levar a cabo un seguimento axeitado e proporcionar a atención precisa ás persoas infectadas.

O presente cribado enmárcase nun acordo de colaboración asinado entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Colexio Oficial de Farmacéuticos de A Coruña. Os materiais utilizados cumpren a normativa vixente e son facilitados pola Consellería de Sanidade, correspondendo ás oficinas de farmacia a relación directa coa cidadanía para recomendar a proba e xestionar o proceso de recollida de mostras para o seu envío ó laboratorio. As mostras serán analizadas no Laboratorio de Microbioloxía da Área Sanitaria de Vigo.

Se o resultado da análise é positivo, este debe ser confirmado con outra análise máis precisa no centro sanitario de referencia (PCR con mostra nasofarinxea). Para elo, desde o Centro de Seguimento de Contactos ou ben desde o Servizo Galego de Saúde poñeranse en contacto con vostede para informarlle da cita e indicarlle as instrucións a seguir.

Se o resultado é negativo, seralle comunicado a través do teléfono móbil que indicou no consentimento informado.

Ademais, deberá continuar adoptando as medidas preventivas establecidas ou recomendadas polas autoridades sanitarias como ata o momento.

Non obstante, debe saber que non se pode excluír unha infección por coronavirus (SARS-CoV-2) aínda que o resultado da proba sexa negativo. O resultado da proba é só para referencia clínica e non debe considerarse como a única referencia para o diagnóstico e tratamento clínicos. Por elo, é moi importante non caer nunha falsa sensación de seguridade e continuar adoptando as recomendacións e restricións establecidas polas autoridades sanitarias.

En relación coa toma de mostra, debe seguir as indicacións do farmacéutico e as instrucións facilitadas co tubo entregado na oficina de farmacia.

Por último, recordarlle que a través da seguinte páxina web pode acceder a información sobre a COVID-19 dirixida á poboación xeral: <https://coronavirus.sergas.gal/Informacion-para-a-poboacion>.